



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte nº: 3274/2017

RESOLUCIÓN

Vista a tradición deste Concello de colaborar economicamente coas familias de menor renda deste Concello para a realización de estudos oficiais, e sendo a canle mais axeitada para esta finalidade a convocatoria dunha liña de axudas económicas a ditas familias para cofinanciar os gastos de desprazamento ós centros de ensino,

Visto que polo Pleno do Concello en sesión de data 28 de abril de 2016 aprobáronse as Bases reguladoras destas axudas, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 87 data 9 de maio de 2016.

Visto que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 326.48200 por importe de 3.000 €, correspondente ó importe das axudas convocado, e a fiscalización realizada pola Intervención municipal (cod. validación 64SFPPYRKGSSC3SXMZK4NQ9A4).

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Convocatoria de axudas a estudantes para o desprazamento ós centros de ensino correspondente ao curso académico 2017-2018, cuxo texto insértase no Anexo a esta resolución.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 3.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 326.48200.

A Pobra do Caramiñal,

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

O Secretario

Guillermo José Fernández López

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expte nº: 3274/2017

ANEXO

CONVOCATORIA DAS AXUDAS A ESTUDANTES PARA DESPRAZAMENTO AOS CENTROS DE ENSINO, CURSO 2017-2018

1.- OBXECTO DAS AXUDAS.

A presente convocatoria pública ten por obxecto regular as axudas económicas para o transporte ós centros de ensino de estudantes que pertencen a familias que se atopan en condicións económicas e sociais desfavorables, para o curso 2017-2018. Estas axudas rexeranse polo disposto nesta Convocatoria e nas Bases Reguladoras que foron aprobadas polo Pleno do Concello da Pobra do Caramiñal en sesión con data 28 de abril de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 87 data 9 de maio de 2016.

O orzamento máximo destinado a estas axudas é de 3.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 326.48200.

2.- BENEFICIARIOS.

Teñen a condición de beneficiarios os estudantes que cumpran os requisitos que se indican a continuación. No suposto de estudantes menores de idade, terá a condición de beneficiario o pai, nai ou titor do mesmo, que deberá presentar a solicitude e documentación seguinte relativa ao estudante:

- a) Ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou estranxeiro con permiso de residencia en España, e estar empadroadado e residir no Municipio da Pobra do Caramiñal, cunha antigüidade no padrón mínima dun ano desde a publicación desta convocatoria
- b) Non estar en posesión, nin en condicións de estalo, dun título de Máster oficial, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou equivalente.
- c) Estar matriculado con carácter presencial nalgunha dos ensinos que se enumeran no artigo 3 da presente Convocatoria.
- d) Que os ingresos per capita da unidade familiar non superen o máximo establecido no artigo 5 desta Convocatoria.
- e) Que o beneficiario non perciba outras subvencións, axudas ao estudo ou becas concedidas por outras Administracións Públicas ou entidades privadas para os mesmos estudos.
- f) Non ter pendente de xustificación ou reintegro ningunha axuda ou subvención concedida polo Concello da Pobra do Caramiñal.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

3.- ENSINOS SUBVENCIONABLES:

1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas os estudantes que estean realizando algunha dos seguintes ensinamentos:

- a) Ensinamentos universitarios adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de Grado e de Máster.
- b) Ensinamentos universitarios conducentes aos títulos oficiais de Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Diplomado, Mestre, Enxeñeiro Técnico e Arquitecto Técnico.
- c) Complementos de formación para acceso ao Máster, Grado ou para proseguir estudos oficiais de licenciatura.
- d) Ensinamentos de Formación Profesional.
- e) Ensinamentos de educación especial.
- f) Bacharelato, para opcións non ofertadas nos centros da Pobra do Caramiñal ou que non dispoñan de prazas vacantes.

2.- Quedan excluídas das axudas a os estudos que poidan cursarse no termino municipal da Pobra do Caramiñal e aqueles estudos que se realicen fóra do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, agás cando se xustifique a imposibilidade de acceder aos mesmos na comunidade galega.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

1.- As solicitudes cumprimentaranse no impreso oficial que se inclúe como Anexo I a esta convocatoria. Todas as solicitudes deberán achegar a seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI /NIE do/a solicitante.
- 2) Fotocopia do Libro de Familia.
- 3) Para o caso en que os interesados manifesten a súa oposición ao acceso as bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, deberá aportar fotocopia cotexada da última declaración da renda ou certificado de imputación de rendas expedido pola AEAT de cada un dos membros integrantes da unidade familiar. Aos efectos da presente convocatoria, entenderase por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio que o alumno solicitante de acordo cos datos do certificado de empadramento colectivo.
- 4) Fotocopia da matrícula oficial de estudos, ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

- 5) Certificación da conta bancaria ou da páxina da cartilla da conta bancaria que indique o número da mesma onde se fará o pagamento da axuda.
- 6) Declaración do solicitante de non percibir axuda algunha para a mesma finalidade.
- 7) Para o caso en que os interesados manifesten a súa oposición ao acceso as bases de datos da Seguridade Social, declaración responsable do solicitante de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social
- 8) Documentación acreditativa dos gastos satisfeitos en concepto de aluguer ou hipoteca da vivenda habitual.
- 9) Calquera outra documentación acreditativa de situacións declaradas polos/as solicitantes tales como: minusvalía, separación, divorcio, etc, ós efectos do cálculo dos ingresos per cápita.

(O Certificado de empadramento colectivo de obteráse de oficio polo Concello)

2. O prazo para a presentación das solicitudes será de 15 días hábiles dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes deberán ser entregadas xunto coa documentación esixida nesta Convocatoria no Rexistro de Entrada do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. A presentación da solicitude implicará a autorización ao Concello da Pobra do Caramiñal para obter ou verificar os datos do IRPF do ano 2016 necesarios para determinar a renda a efectos de valoración das axudas, da Axencia Estatal da Administración Tributaria, así como as certificacións de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de acordo co artigo 28 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas

O solicitante poderá expresar na solicitude a súa oposición expresa a que o Concello obteña os datos mencionados no apartado anterior. En tal caso o solicitante deberá aportar xunto coa solicitude dita documentación.

5.- CRITERIOS DE CONCESION DAS AXUDAS.

1. As axudas concederanse ós solicitantes cuxos ingresos per cápita da unidade familiar no ano 2016 non superen os 15.000 euros anuais. O cálculo dos ingresos per cápita realizarase do seguinte xeito:

a) Computarase a suma da Base imponible xeral e da Base imponible do aforro, imputables ao ano 2016 tal e como se definen na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) de tódolos membros da unidade familiar. Este importe dividirase entre o número de membros, obténdose así os ingresos per cápita da unidade familiar.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

b) Entenderase como “unidade familiar” o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio que o beneficiario e pertencen a algún destes grupos:

1. O solicitante.
2. Pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección dos menores que formen parte da unidade familiar ou parella de feito legalmente constituída.
3. Irmáns menores de 25 anos e que non perciban ingresos superiores ao Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2016 (7.519,59 €)
4. Irmáns de maior idade que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
5. Os ascendentes dos pais que residan no mesmo domicilio.

Ademais computarase un membro máis da unidade familiar por cada 5 puntos, ou parte proporcional, tendo en conta a seguinte puntuación:

-Existencia de persoas na unidade familiar cunha minusvalía acreditada igual ou superior ao 33%: 2 puntos.

-Existencia de persoas na unidade familiar beneficiarias de prestacións por orfandade absoluta: 3 puntos

- Existencia de persoas na unidade familiar en situación legal de desemprego ou pensionista por xubilación, incapacidade permanente ou asimilables: 2 puntos por persoa.

- Situación de viuvez, separación ou divorcio dos pais ou titores: 2 puntos.

- Inclusión da unidade familiar en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou nos que se acrediten situacións de grave desvantaxe ou risco social: 3 puntos.

2. Do conxunto dos ingresos de tódolos membros da unidade familiar obtidos no ano 2016 aos que se refire o apartado a) anterior, deduciranse os gastos satisfeitos nese ano en concepto de aluguer ou pago de hipoteca da vivenda da unidade familiar. O importe resultante dividirase entre os número de membros da unidade familiar (obtido de segundo as regras recollidas no apartado b), sendo o seu resultado o importe dos ingresos per cápita da unidade familiar.

6.- CONTÍA DAS AXUDAS.

1.- Os importes das axudas que se concederán serán os seguintes:

- Alumnos que cursen estudos en centros situados a 50 quilómetros ou menos

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

do Concello da Pobra do Caramiñal: 100 euros.

- Alumnos que cursen estudos en centros situados a mais de 50 quilómetros do Concello da Pobra do Caramiñal: 150 euros

Soamente se concederán axudas para a realización de estudos conducentes a unha titulación das mencionadas no artigo 3 desta convocatoria, de xeito que os alumnos que estean cursando no mesmo curso académico dous ou mais estudos de xeito simultáneo deberán indicar expresamente na solicitude para cal deles solicitan as axudas. No caso de non indicarse este extremo na solicitude unicamente serán subvencionables os estudos cuxo centro de ensino se atope a menor distancia de acordo co apartado 1 deste artigo.

2.- As axudas aboaranse ós beneficiarios das axudas concedidas a través dun pago único na conta bancaria indicada na solicitude.

3.- En caso de que o importe resultante das axudas superase o crédito orzamentario aprobado e indicado no número 1 desta convocatoria, concederase axuda (ou parte dela) aqueles que teñan os menores ingresos per capita (asignando a totalidade de crédito orzamentario). No caso en que exista empate de ingresos per capita, se como consecuencia de superar o crédito orzamentario algún deles non puidera recibir a axuda, a mesma será repartida proporcionalmente a cantidade dispoñible.

7.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

1.- A instrución do procedemento corresponderalle ao empregado público da área de Xuventude e Consumo, que realizará a avaliación das solicitudes presentadas e no seu caso requirirá as subsanacións que procedan para que as mesmas cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo de subsanación será de dez días hábiles improrrogables; no suposto de que os defectos non sexan subsanados, o órgano instrutor propondrá o rexeitamento de ditas solicitudes.

2.- O procedemento de concesión será o procedemento abreviado ao que se refire o artigo 22 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así, a proposta de concesión formularase polo órgano instrutor, que deberá:

- Facer constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder á axuda.

- Ser motivada, debendo indicar os criterios de concesión empregados e no seu caso a puntuación ou valoración obtida en cada un deles para cada solicitude, así como o importe da axuda que lle corresponda.

- Indicar as solicitudes para as que se propón a denegación, así como a causa da mesma.

3.- A resolución do procedemento de concesión destas axudas corresponderá ao Alcalde ou no seu caso ao órgano que teña delegada a competencia no momento da

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

concesión, previa fiscalización pola Intervención municipal.

8.- CONTIDO E PRAZO DE RESOLUCIÓN.

1. O prazo máximo para a notificación de resolución de concesión das axudas será o 30 de decembro do ano natural no que se publique esta convocatoria.

2. A resolución de concesión expresará:

- O beneficiario ou relación de beneficiarios aos que se outorga a subvención coas contías individualizadas, especificando os criterios de valoración seguidos, así como a desestimación e a non concesión, por desestimento, renuncia ao dereito ou imposibilidade material sobrevida das solicitudes non atendidas.

- Unha relación por orde decrecente da puntuación obtida daqueles solicitantes aos que, aínda reunindo as condicións administrativas e técnicas para adquirir a condición de beneficiario, non se lles concede subvención por ser inferior a súa puntuación á dos seleccionados e non ter cabida na contía máxima convocada. Estes solicitantes quedarán en lista de espera no caso de que algunhas das subvencións concedidas quedaran sen efecto por renuncia, en cuxo caso poderá outorgarse a subvención solicitada sempre e cando se liberase crédito suficiente para atender ao menos unha das solicitudes denegadas.

3. A notificación da resolución de concesión realizarase mediante publicación no Taboleiro de Edictos do Concello, na sede electrónica (<https://apobra.sedelectronica.es>) e na páxina web municipal www.apobra.gal nos termos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Non obstante, os beneficiarios poderán facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a súa publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito ao Honor, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe.

4. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, de maneira que o interesado poderá interpoñer contra dita resolución, potestativamente e á súa elección, recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que dictou a resolución no prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados ou Tribunais do Contencioso- Administrativo, neste caso no prazo máximo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, todo el de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, e os artigos 10, 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa, e sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGO.

1.- De acordo co artigo 30.7 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, a concesión das presentes axudas non requirirá doutra xustificación que a acreditación previa á concesión de

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

2.- O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario, nun único pago despois da resolución de concesión.

10. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

As axudas reguladas nestas Bases son incompatibles con outras subvencións, axudas ao estudo ou becas concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou entidades privadas.

11. OBRIGACIÓNS DOS BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios das axudas que se regulan nesta convocatoria quedan obrigados a:

1.- Destinar a axuda á finalidade para a que se concede, entendéndose por tal a matriculación, asistencia a clase e presentación a exames.

2.- Acreditar ante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión das axudas.

3.- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na súa solicitude. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na documentación aportada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación, revocación ou reintegro da axuda, sen prexuízo das restantes responsabilidades que puideran derivarse.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación que se realicen pola Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia ou o Tribunal de Contas, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das citadas actuacións. En particular, cando no exercicio de actuacións de control e comprobación sexan requiridos para iso, deberán aportar a acreditación documental que se lles requira xustificativa de realizar ou estar realizando os estudos para os que se concederon as axudas. A non presentación en prazo ou a presentación insuficiente da documentación requirida, ademais de dar lugar ás obrigacións de reintegro da subvención percibida que procedan, impedirá a obtención ou no seu caso o pago de posteriores axudas reguladas nestas bases.

5.- Devolver o importe da axuda ou a parte proporcional da mesma, cando non se realice a actividade para a que foi outorgada ou non se xustifique en prazo e forma, si fose requirido para iso.

6.- Poñer en coñecemento da entidade concedente a anulación da matrícula así como, calquera outra alteración das condicións tidas en conta para a concesión.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, infórmase que as subvencións concedidas poderán ser incorporadas

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia.

12.- APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DA PRESENTE CONVOCATORIA.

No non previsto nesta convocatoria estarase ao disposto nas Bases Reguladoras aprobadas en sesión plenaria de data 28 de abril de 2016 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 87 data 9 de maio de 2016), na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de desenvolvemento da Lei Xeral de Subvencións, e a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

A Pobra do Caramiñal, a data de firma dixital

O Alcalde

José Luis Piñeiro García

Concello de A Pobra do Caramiñal

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280. Fax: 981831192